

## ÁREA DE E. FÍSICA

- Utilizar a roupa, calzado e os materiais axeitados para a realización da actividade física.
- Adoptar as medidas de hixiene persoal recomendables para despois da actividade física.
- Aplicar as normas básicas de alimentación para o desenvolvemento da actividade física.
- Interesarse por coñecer e adquirir as destrezas das actividades deportivas ou pre-deportivas propostas.
- Adoptar as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Tomar parte con interese en calquera tipo de xogos, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participar activamente en todas as actividades propostas, aceptando a todos os seus compañeiros e compañeiras ao marxe da súa condición social, cultural, etc.
- Coñecer o regulamento dos actividades deportivas desenvolvidas.
- Utilizar axeitadamente os espazos e os materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Valorar a súa participación en competicións (atletismo divertido, fútbol escolar,...) prescindindo do resultado obtido. Colaborar activamente no desenvolvemento dos xogos e deportes de grupo, amosando unha actitude de aceptación e de superación ante as posibles frustracións que se podan producir.

## ÁREA DE CIDADANIA

- Amosar respecto polas diferenzas e características persoais propias e dos compañeiros. Valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas.
- Argumentar e defender as propias opinións, escoitar e valorar criticamente as opinións das demais persoas, amosando unha actitude de respecto e comprendendo que o que se axuiza ou desautoriza son opinións ou actuacións, nunca persoas.
- Participar colaborativamente na elaboración das normas, aceptalas, asumilas como propias e incorporalas aos propios patróns de conducta. Reflexionar sobre as normas existentes na comunidade e sobre a súa importancia.
- Familiarizarse con algúns dos dereitos humanos recollidos na Declaración universal dos dereitos humanos e na Convención sobre os dereitos da infancia e cos principios de convivencia que recolle o Estatuto de autonomía e a Constitución española e identificar os deberes máis relevantes asociados a eles.
- Recoñecer e rexeitar prexuízos, situacións de discriminación, de marxinação e de injusticia e interesarse por identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan, así como por atopar posibles vías de mellora para as persoas que sofren.
- Identificar o funcionamento dos servizos públicos presentes na vida cotidiá do alumnado e a súa relación con diferentes institucións e máis recoñecer a necesidade de que toda a poboación contribúa ao seu correcto funcionamento, mantemento e mellora a través de comportamentos responsables e solidarios.
- Ser consciente da transcendencia presente e futura de accións habituais na vida cotiá do alumnado e da necesidade de realizalas seguindo pautas que teñen a súa base na reflexión e na análise individual e colectiva deses comportamentos.
- Concienciarse da influencia que poden exercer os medios de comunicación, a Internet ou a publicidade nas decisións e opinións das persoas.

## ÁREA DE RELIXIÓN

- Acercalo coñecemento e comprensión das relixións primitivas para a súa relación e diferenciación co cristianismo.
- Identificalos fundadores e os elementos máis significativos das grandes relixións e coñecelas respostas que ofrecen as grandes preguntas do ser humano.
- Utilizala Biblia como libro de fe, recoñecelos textos fundamentais e interpretalos axeitadamente.
- Profundizar na acción de Deus na historia, comprender o contido da mensaxe cristiá e saber expresala na súa relación coa vida. Interpretala mensaxe fundamental do cristianismo en torno ó papel do ser humano na creación.
- Descubrir e describir feitos e actitudes de personaxes bíblicos que son modelos de vida fundamentais de fe cristiá, así como na súa resposta ó amor e a chamada de Deus.
- Valorar o significado da acción salvadora de Xesús, expresada e celebrada na vida da Igrexa.
- Profundizar no misterio e interrogantes do ser humano analizando acontecementos, formulacións, expresións, textos e as respostas das personaxes do cristianismo, poñendo de manifesto a presenza do Espírito no mundo e na Igrexa.
- Valorar os sacramentos como momentos clave da vida do crente, descubrindoos como encontros con Deus na comunidade. Recoñecela acción evangelizadora e humanizadora da Igrexa e valorar a súa contribución na construción dunha sociedade mellor que fai presente o reinado de Deus.
- Descubrir e comprendelo significado sagrado e celebrativo das festas relixiosas e recoñecelos momentos fundamentais do ciclo litúrxico relacionándoos con a Historia da Salvación.
- Analizar modelos da moral cristiá descubrindo o positivo e a súa relevancia no progreso da Humanidade. Reflexionar e aplicar á vida diaria os valores das actitudes e normas.
- Descubrir que as consecuencias das actitudes e valores que proporciona a fe aportan ó cristianismo o compromiso na construción dunha sociedade máis xusta que mellora a relación cos demais, co entorno e consigo mesmo, así como a actitude de tolerancia e respecto ante outros sistemas éticos.

## ÁREA DE MÚSICA

- Seleccionar e aplicar os coñecementos artísticos adecuados en actividades artísticas e expresivas.
- Utilizar o coñecemento de elementos musicais en producións propias e alleas.
- Coñecer e respectar as principais manifestacións artísticas do contorno e da historia.
- Manexar a frauta doce con destreza.
- Recoñecer e representar as notas musicais e relacionalas coas figuras, silencios e duracións.
- Recoñecer sons instrumentais en audicións musicais.
- Improvisar ou interpretar individual ou colectivamente coa voz ou con instrumentos musicais cancións e fragmentos rítmicos e melódicos con e sen texto.

## ÁREA DE EXPRESIÓN PLÁSTICA

- Valorar e distinguir entre as distintas cores e texturas.
- Utilizar técnicas en dous e tres dimensións e os seus diferentes recursos expresivos.
- Respectar as normas nas visitas e en calquera manifestación artística.
- Utilizar diferentes técnicas na realización dos seus traballos.
- Realizar representacións plásticas en debuxo, pintura e collage
- Mostrar interese pola materia e presentar todos os traballos, finalzándoos con orde e limpeza.

## CPI A XUNQUEIRA FENE



## Mínimos 3º Ciclo de Primaria

### CURSO 2013-14

#### EQUIPO DE PROFESORES/AS:

Begoña Santiago Otero, 5º

María Lamas Vázquez, 6º

M. Dolores Yáñez Casal (E. Física)

Emilio Vázquez Carballido (Música)

M. Carmen Rodríguez Feijóo (L. Inglesa)

Isabel López Rocha (Relixión Católica)

Araceli Pintos López (P. Terapéutica e Coordinadora)

Aurora Sandra Caneiro del Pulgar (Audición e Linguaxe)

## ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula.
- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas así como as intencións , valores e opinións non explícitos.
- Expresarse oralmente con corrección, usando diferentes textos orais segundo a situación comunicativa de que se trate e empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que sexan precisos.
- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refráns, ditos, conxuros lendas, contos, adiviñas, cántigas, cancións, ect) co rimo e a entoación adecuados.
- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.
- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias contidas nos textos comparando e contrastando informacións variadas.
- Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións, informacións, etc.
- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez y precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta.
- Coñecer textos de literatura infantil en galego adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.
- Usar as bibliotecas de aula e do centro
- Analizar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e a produción de textos.
- Establecer relacións entre as diversas linguas.

## ÁREA DE LINGUA GALEGA

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula.
- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas así como as intencións , valores e opinións non explícitos.
- Expresarse oralmente con corrección.
- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refráns, ditos, conxuros lendas, contos, adiviñas, cántigas, cancións, ect) co rimo e a entoación adecuados.
- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.
- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias contidas nos textos comparando e contrastando informacións variadas.
- Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións, informacións, etc.
- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez y precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta.
- Coñecer textos de literatura infantil en galego adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.
- Usar as bibliotecas de aula e do centro
- Analizar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e a produción de textos.
- Establecer relacións entre as diversas linguas.

## ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Resolver e formular problemas para os que cumpra recoñecer os aspectos cuantitativos da vida cotiá que se podan expresar empregando números e para os que haxa que ler, escribir, comparar, seriar, descompoñer, representar e ordenar números naturais, enteiros, fraccións e decimais ata as centésimas.

- Utilizar os números decimais, os fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.
- Resolver problemas sinxelos, buscando o proceso de resolución máis adecuado, amosando actitudes de valoración das diferentes estratexias e perseveranza na busca de datos e de solucións precisas.
- Expresar de xeito ordenado e claro, oralmente e por escrito o proceso seguido.
- Comprender a importancia que a orde e a claridade teñen na presentación de datos e na busca da resolución correcta para detectar posibles erros. Tamén comprobar a capacidade de operar cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- Seleccionar, en contextos de resolución de problemas familiares, os instrumentos e unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.
- Interpretar pequenos bosquejos, planos e maquetas sinxelas que representan espazos familiar e para resolver problemas. Representación espacial por medio de coordenadas, de puntos de referencia e de distancias.
- Empregar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir, comprender e resolver problemas da vida cotiá.
- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado de xogos sinxelos de azar.

## ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

- Identificar algúns dos usos que as persoas fan dos recursos naturais e da enerxía, así como algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados, valorando o seu impacto a curto e longo prazo.
- Recoñecer a diversidade de paisaxes de Galicia e de España e a necesidade de preservar a riqueza paisaxística e patrimonial e recoñecer as características (relevo, clima, vexetación...) e a capacidade para establecer comparacións (semellanzas e diferenzas) entre os diferentes paisaxes, tipos de asentamento humano e comprender a importancia da intervención humana na modificación ou na conservación das paisaxes naturais.
- Identificar e localizar os principios órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.
- Identificar, describir e analizar procesos de cambio e transformacións (sociais, culturais, económicas e tecnolóxicas) no contorno, provocados polo incremento das comunicacións e dos bens e servizos, reflexionando sobre as causas da desigualdade no acceso a eles.
- Recoñecer e valorar a diversidade cultural e lingüística de Galicia e de España.
- Coñecer o concepto de Europa e valorar o noso papel como membros da Unión Europea.

- Describir os mecanismos de funcionamento e de participación propios das sociedades democráticas aplicados aos principios órganos de goberno de diferentes institucións.( escolares, municipais, autonómicas, estatais e comunitarias) valorando o interese da xestión dos servizos públicas para a cidadanía, así como os comportamentos de participación e asunción de responsabilidades para favorecer a convivencia na aula e participación nos órganos de goberno do centro.
- Utilizar e interpretar planos e mapas para orientarse, situar aspectos del contorno e desprazarse adecuadamente..
- Obter información para identificar características significativas da sociedade nalgunhas épocas pasadas e situar os feitos relevantes
- Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son e saber comunicar os resultados. Así como construír obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados combinando o traballo individual con o de equipo.
- Resolver problemas e responder preguntas sobre aspectos do medio galego usando diferentes fontes, elaborando a información, tirando conclusións e comunicando as posibles solucións e respostas.
- Elaborar traballos, utilizando oporte papel e dixital sobre aspectos ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directóas, libros, a internet), establecendo un plan de traballo e comunicando a información e conclusións finais.
- Atenderase especialmente á presentación ordenada, clara, limpa do traballo así como a colaboración do alumno durante as diferentes fases do proceso de elaboración.

## ÁREA DE L. INGLESA

- Recoñecer datos xeográficos sobre distintos lugares de fala inglesa e describe o lugar no que un vive.
- Intercambiar saúdos, sabe presentarse, presenta aos outros e utiliza as normas de cortesía.
- Coñecer e manexa o vocabulario relacionado coa escola: materias, horarios, días da semana ...
- Expresar cantidades e conta ata o millón, le datas e recoñece algúns números ordinais.
- Expresar a frecuencia coa que se realizan determinadas actividades.
- É quen de dar e seguir instrucións e de dar suxestións.
- Facer e responde preguntas sobre gustos alimenticios.
- Preguntar e responde en presente de indicativo e en presente continuo.
- Nomear algúns animais domésticos e salvaxes e sinala onde viven
- Usar Algúns termos do vocabulario relativo ao aniversario, ao Nadal, Hallove'en, Pascua e as contrasta coas celebracións propias da nosa cultura.